

1. Sinala as palabras que pertencen á mesma familia.

- a) O mariño e o campesiño subiron ao campanario, comezaron a tocar as campás e non se acordaban de parar, ata que veu o campaneiro e votounos moi enfadado.
- b) O prateiro fixo moitos pratos de prata. Ten a súa prataría na praza da Quintana. É un pracer ver os seus traballos.
- c) O fillo do meu amigo é filatelista, ten selos de todas partes de Europa. Ao meu afillado tamén lle gustan os selos, pero non os colecciona, iso sí, está afiliado a unha asociación.

2. Localiza a palabra intrusa en cada campo semántico:

AVES	ÁRBORES	FERRAMENTAS	PROFESIÓNS
Corvo	Bidueiro	Alicate	Médica
Pega	Margarida	Martelo	Mestre
Sardiña	Carballo	Tenaces	Cirurgiá
Merlo	Nogueira	Garfo	Conserxe
Gaivota	Piñeiro	Serra	Personaxe

3. Escribe o campo semántico ao que pertence as seguintes palabras:

- ☐ Xaneiro, abril, xullo, decembro:
- ☐ Amarelo, verde, vermello, azul:
- ☐ Margarida, rosa, tulipán, xasmín:
- ☐ Luns, martes, mércores, xoves:
- ☐ Garfo, culler, cóitelo, culleriña:

4. A que tipo de texto se refire a seguinte definición

Texto literario breve que se pode clasificar entre o poético e o didáctico e mediante o cal se expoñen ideas, elabóranse críticas e reflexións éticas e filosóficas arredor dun tema en concreto.

É o _____

5. En qué ano se funda a Editorial Galaxia?

6. Sinala os indefinidos

- moitas • amarelo • ningunha • corren • nove
- cadeir • algún • nosos • calquera • tanto

7. Escribe o cardinal e o ordinal das seguintes cifras

	CARDINAL	ORDINAL
4		
8		
12		
26		
34		

8. Completa estas palabras con "h" se fose preciso

arpado	abitación	epatite	ombro
eroicidade	umidadificador	erdeiro	óseo
umanidade	orfandade	abitable	erbicida

9. Substitúe os debuxos por palabras

No medio do prado atopei dous



de



Aos monos gústanlles os



, pero ás



non.

Aterrizou un



cerca do



.

10. Copia e clasifica as palabras anteriores, por orde alfabética:

CON H	SEN H